

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “AMPLIACIÓN, AFIRMADO E PAVIMENTACIÓN CON MBQ NUN TRAMOS DO CAMIÑO OS MARTIÑOS-CRUCÉ A HEDREIRA”

2ª FASE DO POS ADICIONAL 2/2023

**EXPEDIENTE:** 2024/C003/000002

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

- Proxecto denominado “Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramo do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira” asinado polo enxeñeiro de camiños, Manuel Ángel Pisos Veiga, o 05/06/2023 cun orzamento total, IVE incluído, de 238.286,95 €
- Informe técnico urbanístico emitido polo arquitecto da asistencia técnica municipal, Alfredo Varela Nogueira, o 22/09/2023
- Informe emitido polo arquitecto da asistencia técnica municipal, Alfredo Varela Nogueira, o 25/09/2023 relativo á non división en lotes do proxecto
- Acordo plenario de data 28/09/2023 polo que se aproba o antedito proxecto e se solicita a súa inclusión na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizo de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023
- Decreto nº 657, do 28/09/2023, polo que se resolve non dividir en lotes o obxecto do proxecto
- A Deputación da Coruña notificoulle a este concello (RE nº 20230000003012, do 31/10/2023, e 20230000003285, do 04/12/2023) a aprobación da 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2023 no que se inclúe a antedita obra  
O importe da subvención ascende a 206.157,20 €
- Acta de replanteo previo de asinada o 17/04/2024
- Providencia-memoria da Alcaldía, de data 22/04/2024 motivando a necesidade deste contrato e ordenando a realización das actuacións precisas para iniciar o correspondente procedemento de contratación
- Certificado da existencia de crédito asinado pola secretaria-interventora o 22/04/2024
- Informe técnico urbanístico emitido polo arquitecto da asistencia técnica municipal, Alfredo Varela Nogueira, o 23/04/2024
- Informe xurídico emitido pola secretaria-interventora o 26/04/2024

- Informe de fiscalización emitido pola secretaria-interventora o 26/04/2024
- Decreto n.º 229, do 26/04/2024, polo que se incoa expediente de contratación
- Publicación dun anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 29/04/2024
- Presentación, dentro do prazo establecido, de ofertas polas seguintes empresas:
  - CANARGA, S.L.
  - COSMALCA, S.L.
  - FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
  - HORDESCON, S.L.
  - MANTIDO SL
- Reunión da mesa de contratación celebrada o 22/05/2024:
  - Procédese ao descifrado e apertura dos sobres B, que conteñen as declaracións responsables formuladas segundo o modelo recollido na cláusula 12.B.1 do PCAP e as referencias técnicas,
  - Realízase a cualificación da documentación administrativa co seguinte resultado:

EMPRESA	DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
CANARGA, S.L.	Correcta
COSMALCA, S.L.	A declaración responsable presentada polo empresa está referida a unha obra diferente á que é obxecto de licitación
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	Correcta
HORDESCON, S.L.	Correcta
MANTIDO SL	A declaración responsable presentada polo empresa está referida a unha obra diferente á que é obxecto de licitación

As declaracións responsables presentadas pola empresas Cosmalca, SL e Mantido, SL son asinadas ambas por D. Martín Castiñeira Pérez, en calidade de administrador das mesmas. Ambas declaracións teñen exactamente o mesmo erro respecto da denominación da obra, xa que se están a referir a outra diferente á que é o obxecto de licitación, e ambas teñen a mesma tipografía coa diferenza do logo.

- Co fin de poder comprobar o cumprimento do requisito de presentación dunha única proposición por licitador, e poder analizar se se trata dun suposto de conduta colusoria, a Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA requirir a ambas empresas para que, nun prazo de tres días naturais a contar desde a recepción do correspondente requirimento, presenten no Rexistro Electrónico do Concello a seguinte documentación:
  - Aclaración sobre o vencellamento existente, se o houbera, entre as dúas empresas, e se ambas actúan baixo unha dirección única
  - Declaración responsable na que se corrixa o erro existente no tocante á denominación da

obra.

– Reunión da mesa de contratación celebrada o 31/05/2024:

- Logo do correspondentes requirimentos as anteditas empresas achegan, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación requirida (Mantido SL, RE nº 202499900000509, do 28/05/2024; Cosmalca, SL RE nº 202499900000506, do 28/05/2024)
- A documentación achegada por ambas empresas é examinada pola Mesa que ACORDA, por unanimidade dos seus membros, que ambas empresas continúen no procedemento de licitación

– Reunión da mesa de contratación celebrada o 03/07/2024:

- A Mesa, por unanimidade dos seus membros, acepta o informe emitido o 29/06/2024 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Manuel Ángel Pisos Veiga, e ACORDA realizar, conforme ao mesmo, a seguinte valoración do sobre B :

	<b>PROGRAMA DE TRABAJO (Máx 20 pts)</b>	<b>PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (Máx 5 pts)</b>	<b>TOTAL</b>
MANTIDO, SL	16,70	4,70	21,40
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL	17,60	2,60	20,20
COSMALCA, SL	14,00	4,70	18,70
CANARGA, SL	16,40	2,00	18,40
HORDESCON, SL	10,00	2,70	12,70

Posto que todas as empresas superaron a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na fase 1 esixida no anexo IV do PCAP todas elas continúan no procedemento de licitación.

- Procédese á apertura do sobre C e a súa posterior valoración co seguinte resultado:

	<b>OFERTA ECONÓMICA (Orzamento base de licitación: 238.286,95 €)</b>			<b>PORCENTAXE PERSOAL FIXO EN RELACIÓN CO PERSOAL GLOBAL DA EMPRESA</b>		<b>PLAN DE IGUALDADE</b>		<b>TOTAL</b>
	<b>Oferta</b>	<b>Presunción anormalidade</b>	<b>Puntuación (Máx 5 pts)</b>	<b>%</b>	<b>Puntuación (Máx 35 pts)</b>	<b>Existencia</b>	<b>Puntuación (Máx 35 pts)</b>	
<b>MANTIDO,SL</b>	234.950,93 €	Non	0,33	95,00	35	Si	35	70,33
<b>FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA,SL</b>	233.322,00 €	Non	0,49	79,64	35	Si	35	70,49
<b>COSMALCA,SL</b>	233.544,00 €	Non	0,46	58,33 (*)	27,22	Si	35	62,68
<b>CANARGA,SL</b>	234.068,99 €	Non	0,41	84,44	35	Si	35	70,41
<b>HORDESCON,SL</b>	222.965,10 €	Si	1,50	94,44	35	Si	35	71,50

As empresas Mantido, SL e Cosmalca,SL fan constar nas súas ofertas que son empresas vinculadas polo que, en cumprimento do disposto no artigo 149.3 da Lei 9/20217 de Contratos do Sector Público, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, tómase unicamente a oferta da empresa Cosmalca, SL , por ser esta a máis baixa.

(\*) A empresa Cosmalca, SL na súa oferta económica declara que na data de publicación da licitación o número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma representa un 92,31 % sobre o número global de persoas traballadoras. No obstante, acompaña a dita declaración un informe de vida laboral da empresa, do cal se desprende que a porcentaxe sinalada pola empresa na súa oferta é superior a porcentaxe real, senda esta última a porcentaxe de 58,33 %.

- A mesa, atendendo aos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, realiza a seguinte clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas:

	<b>SOBRE B</b>	<b>SOBRE C</b>	<b>TOTAL</b>
<b>MANTIDO SL</b>	21,40	70,33	<b>91,73</b>
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,20	70,49	90,69
CANARGA, S.L.	18,40	70,41	88,81
HORDESCON, S.L.	12,70	71,50	84,20
COSMALCA, S.L.	18,70	62,68	81,38

- Compróbase no ROLECE e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa MANTIDO, SL está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, que ostenta a clasificación no grupo G subgrupo 6 categoría 3 que acredita a súa solvencia e que, segundo o disposto no ROLECE, non existen prohibicións vixentes para contratar.

Consta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade autónoma de Galicia que a empresa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social

- A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**
  - Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa MANTIDO, SL
  - Requirir á dita empresa para que nun prazo de 7 días hábiles presente a documentación precisa para a adxudicación do contrato

– Reunión da mesa de contratación celebrada o 31/07/2024:

- Entre a documentación presentada pola empresa MANTIDO, SL o 12/07/2024 (RE n.º 202499900000692) atópase un informe de vida laboral da empresa, segundo o cal, na data de publicación do anuncio de licitación na PCSP (o 29/04/2024) o número global de persoas traballadoras da empresa era 20 e o de persoas traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa nos últimos 12 meses anteriores ao 29/04/2024 era 14. Isto supón que a porcentaxe destes últimos traballadores sobre o global da plantilla é o do 70 %.

Habida conta que a empresa MANTIDO, SL na súa oferta económica declarara que a porcentaxe de persoas traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido sobre o número global da plantilla era o de 95,00 % (20 traballadores na plantilla e 19 coas características anteriormente sinaladas), procede realizar unha nova valoración da súa oferta, no tocante a este apartado.

- Por outra banda, a empresa Cosmalca, SL na súa oferta económica declara que na data de publicación da licitación o número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación representa un 92,31 % sobre o número global de persoas traballadoras. No obstante, acompaña a dita declaración un informe de vida laboral da empresa, do cal se desprende que a porcentaxe sinalada pola empresa na súa oferta é superior á porcentaxe real, senda esta última a porcentaxe de 53,85% (número global de persoas traballadoras da empresa na data de publicación do anuncio de licitación na PCSP: 13; persoas traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa nos últimos 12 meses anteriores a publicación do anuncio de licitación na PCSP: 7).

Por erro na acta da mesa do 03/07/2024 consignase unha porcentaxe do 58,33 % e atribúeselle a puntuación correspondente á dita porcentaxe, polo que procede corrixir o dito erro.

- A vista do anterior, a valoración total que resulta do sobre C é a seguinte:

	OFERTA ECONÓMICA (Orzamento base de licitación: 238.286,95 €)			PORCENTAXE PERSOAL FIXO EN RELACIÓN CO PERSOAL GLOBAL DA EMPRESA		PLAN DE IGUALDADE		TOTAL
	Oferta	Presunción anormalidade	Puntuación (Máx 5 ptos)	%	Puntuación (Máx 35 ptos)	Existencia	Puntuación (Máx 35 ptos)	
MANTIDO,SL	234.950,93 €	Non	0,33	70,00	32,67	Si	35	68,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA,SL	233.322,00 €	Non	0,49	79,64	35	Si	35	70,49
COSMALCA,SL	233.544,00 €	Non	0,46	53,85	25,13	Si	35	60,59
CANARGA,SL	234.068,99 €	Non	0,41	84,44	35	Si	35	70,41
HORDESCON,SL	222.965,10 €	Si	1,50	94,44	35	Si	35	71,50

- A Mesa realiza a seguinte clasificación, por orde decrecente de valoración, das proposicións presentadas:

	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,20	70,49	90,69
MANTIDO SL	21,40	68,00	89,40
CANARGA, S.L	18,40	70,41	88,81
HORDESCON, S.L.	12,70	71,50	84,20
COSMALCA, S.L.	18,70	60,59	79,29

- Compróbase no ROLECE e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de

Galicia que a empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formulara a oferta, que ostenta a clasificación no grupo G subgrupo 6 categoría 6 que acredita a súa solvencia e que, segundo o disposto no ROLECE, non existen prohibicións vixentes para contratar.

Consta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade autónoma de Galicia que a empresa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social

- A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:
  - Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato da obra á empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL.
  - Requirir á dita empresa para que nun prazo de 7 días hábiles, a contar desde o envío do correspondente requirimento presente a documentación precisa para a adxudicación do contrato:

– Reunión da mesa de contratación celebrada o 23/08/2024:

- Entre a documentación presentada pola empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, SL atópase un informe de vida laboral da empresa, segundo o cal, na data de publicación do anuncio de licitación na PCSP (o 29/04/2024) o número global de persoas traballadoras da empresa era 231 e o de persoas traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa, polo menos, nos últimos 12 meses anteriores ao 29/04/2024 era 141. Isto supón que a porcentaxe destes últimos traballadores sobre o global da plantilla é o do 61,04 %.

Habida conta que a empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL na súa oferta económica declarara que a porcentaxe de persoas traballadoras coas características anteriormente indicadas era o de 79,64 % (176/221), procede realizar unha nova valoración da súa oferta, no tocante a este apartado.

- A vista do anterior, a valoración total que resulta do sobre C é a seguinte:

	OFERTA ECONÓMICA (Orzamento base de licitación: 238.286,95 €)			PORCENTAXE PERSOAL FIXO EN RELACIÓN CO PERSOAL GLOBAL DA EMPRESA		PLAN DE IGUALDADE		TOTAL
	Oferta	Presunción anormalidade	Puntuación (Máx 5 pts)	%	Puntuación (Máx 35 pts)	Existencia	Puntuación (Máx 35 pts)	
<b>FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA,SL</b>	233.322,00 €	Non	0,49	61,04	28,49	Si	35,00	63,98

- A Mesa realiza a seguinte clasificación, por orde decrecente de valoración, das proposicións presentadas:

	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
<b>MANTIDO SL</b>	21,40	68,00	<b>89,40</b>
CANARGA, S.L	18,40	70,41	88,81
HORDESCON, S.L.	12,70	71,50	84,20

	<b>SOBRE B</b>	<b>SOBRE C</b>	<b>TOTAL</b>
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,20	63,98	84,18
COSMALCA, S.L.	18,70	60,59	79,29

- Comprobase no ROLECE e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa MANTIDO, SL está debidamente constituída, que o asinante da proposición tiña poder bastante para formulara a oferta, que ostenta a clasificación no grupo G subgrupo 6 categoría 3 que acredita a súa solvencia e que, segundo o disposto no ROLECE, non existen prohibicións vixentes para contratar.  
Consta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade autónoma de Galicia que a empresa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social
- A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**
  - Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato da obra á empresa MANTIDO, SL.
  - Consta no expediente de contratación a documentación precisa para a adxudicación do contrato (RE nº 202499900000692, do 12/07/2024) polo que xa non procede requirir á empresa para que proceda a súa presentación:

- Informe do secretario-interventor accidental de data 26/08/2024

#### FUNDAMENTOS LEGAIS

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en canto non se opoña á Lei 9/2017
- RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, en canto non se opoña á Lei 9/2017

No uso das atribucións que me outorga a Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, **RESOLVO:**

1. Adxudicar a contratación da obra denominada "**Ampliación, afirmado e pavimentación con MBQ nun tramo do camiño Os Martiños-Cruce A Hedreira**" á empresa MANTIDO, SL por un importe de 234.950,93 €, IVE incluído (importe de adxudicación sen IVE: 194.174,32 €).
2. Requiritr á empresa adxudicataria para que formalice o contrato nun prazo non superior aos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación da adxudicación.
3. Nomear director de obra, coordinador de seguridade e saúde e responsable do contrato, aos efectos previstos no artigo 62.2 da LCSP, ao enxeñeiro de camiños, Manuel Ángel Pisos Veiga.
4. Notificar o presente acordo ós licitadores, ó director de obra e ordenar a súa publicación no perfil do contratante.



Pr. de España, 1  
15310 Teixeira (A Coruña)  
Tel. 981 789 003  
Fax: 981 789 578  
concello@curtis.es  
www.curtis.es

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, o secretario-interventor accidental

Óscar López Figueroa